

A REVOLUCIÓN FRANCESA

Defensores do Antigo Réxime
(Primeiro e Segundo Estado)
-privilexiados-

Nobres / Clero

Defensores do sistema liberal
(Terceiro Estado)
-non privilexiados-

Moderado

Burguesía moderada

Alta burguesía

Democrático

Burguesía democrática

Pequena burguesía

Radicais

Clases populares
artesáns, campesiños...

Descontento do Terceiro Estado
coa situación económica, social e política
(crise financeira, aumento dos prezos, carestía...)
alternativa —> apoio ao sistema liberal proposto polos ilustrados

necesidade dunha reforma fiscal - a nobreza forza a
convocatoria dos Estados Xerais (maio de 1789)

enfrentamentos entre a visión dos privilexiados e os non privilexiados
en canto a reforma fiscal e o sistema de votación

cambios fiscais sen reforma social
voto por estamento

cambios fiscais con reforma social
voto por cabeza

ruptura (xuño 1789)

O Terceiro Estado se constitúe en
A S A M B L E A N A C I O N A L
C O N S T I T U Í N T E

reacción —> ameaza de
CONTRARREVOLUCIÓN

revolta popular
asalto da Bastilla (xullo 1789)

revoltas antiseñoriais

O GRAN MEDO

- comeza o dismantelamento do Antigo Réxime
- abolición dos privilexios e dereitos feudais
- Declaración de Dereitos do Home e do Cidadán (igualdade de todos os cidadáns perante a lei)
- C O N S T I T U C I Ó N de 1791 —> liberalismo moderado (separación de poderes, sufraxio censitario)

MONARQUÍA C O N S T I T U C I O N A L (1791 - 1792)

A s a m b l e a N a c i o n a l L e x i s l a t i v a

comeza a implantación do liberalismo económico e político
protagonismo da burguesía acomodada —> liberalismo moderado

a nobreza comeza a conspirar
buscando apoio nas potencias
absolutistas (Austria) europeas co
obxectivo de restaurar o absolutismo

desilusión das clases populares ante
a falta de reformas radicais e
a continuidade da crise e a miseria

fuxida e detención do rei en Varennes (xuño 1791)
desprestixio da monarquía

radicalización do sector máis revolucionario

declaración de guerra a Austria (abril de 1792)
(derroras e desaproveitamento de alimentos)
tropas austríacas preto de París ----->

protagonismo das clases populares
("sans-culottes") na defensa da capital
i n s u r e c c i ó n
o asalto o palacio das Tullerías
e a detención do monarca Luis XVI
(agosto de 1792) da paso a

nova assemblea constituínte

CONVENCIÓN NACIONAL
sufraxio universal
abolición da monarquía
proclamación da REPÚBLICA

loita polo poder entre

XIRONDINOS
(consideran a revolución rematada)
castigar ao rei sen a súa morte

Luis XVI é guillotinado (xaneiro 1793)

XACOBINOS
(desexan avanzar na igualdade social)
condenar e axustizar ao rei

coalición europea antirrevolucionaria
(Austria, Prusia, Gran Bretaña, España e Holanda)

as clases populares reclaman
reformas sociais igualitarias
nun contexto de carestía e especulación

insurrección campesiña contrarrevolucionaria
na rexión da Vendée (primaveira de 1793)
provocada pola fame e as levas forzosas

os xacobinos e as clases populares (“sans-culottes”)
Asaltan a Convención Nacional (xuño 1793)

CONSTITUCIÓN de 1793
principios da democracia social
- soberanía popular
- sufraxio universal masculino
- eliminación dos dereitos feudais sen indemnización
- amplo programa de reformas sociais e proceso
de descristianización
- leva en masa e democratización do exército
(vitorias militares)
COMITÉ DE SAÚDE PÚBLICA
gobierno revolucionario excepcional (Robespierre)
política do TERROR - fortísima represión

a política do Terror e a sanguenta represión uniu a todos os seus inimigos

GOLPE DE ESTADO

detención e axustizamento de Robespierre (xullo 1794)

REPÚBLICA BURGUESA MODERADA (1794 - 1799)

Control dos sectores moderados e desmantelamiento das medidas da etapa xacobina

CONSTITUCIÓN de 1795

- sufraxio censitario
- fortalecemento do poder executivo (cinco membros)

DIRECTORIO

represión ante

conspiración dos monárquicos

continuación dos problemas económicos
continuación da guerra

presións dos “sans-culottes”
revoltas radicais (“conspiración dos iguais”)

emerxe a figura do xeneral victorioso

NAPOLÉON BONAPARTE

como garante da revolución liberal moderada e freo dos excesos democráticos dos sectores populares

co apoio da burguesía e do exército

GOLPE DE ESTADO de NAPOLÉÓN (novembro de 1799)

CONSULADO - CONSTITUCIÓN de 1799

afirma o poder personal de Napoleón (primeiro cónsul)
(atribucións para facer leis, dirixir a política exterior e designar xuíces e altos cargos)

CÓNSUL VITALICIO (1802)

EMPERADOR (1804)

- consolida as conquistas revolucionarias moderadas
- forxa un Estado sólido e centralizado
- actúa contra os radicais limitando as liberdades
- restablece un Concordato coa Santa Sede
- garantiu os negocios burgueses no interior e nos territorios que conquistou
- consolidou, no campo, a clase de medianos e pequenos propietarios nados coa Revolución
- emprendeu unha política de conquistas que o levou a dominar gran parte de Europa

Proxecto de crear un imperio con centro en Francia
e implantar as institucións francesas, herdeiras da Revolución,
e rematar coas monarquías absolutas.

Expansión ata 1812. Primeiro fracaso coa invasión de Rusia e as dificultades en España.
A derrota final ante a gran coalición europea (1814) supuxo a súa destitución
e a restauración dos Borbón (Luís XVIII)

Volta ao Antigo Réxime <----->
Coa derrota de Napoleón triunfa a idea
de restarurar as monarquías tradicionais
e impedir a expansión das ideas liberais

Congreso de Viena (1815)
Prusia, Austria e Rusia (Santa Alianza) e Reino Unido
Reestructuración do mapa de Europa en beneficio das grandes potencias
buscando un equilibrio entre elas e evitar movementos revolucionarios (represión)

Pero continúa a difusión das ideas liberais e nacionais o que provocou sucesivas ondas revolucionarias

Primeira ondata revolucionaria entre 1820 e 1824
España, Portugal, Nápoles e o Piemonte (curto período de gobernos liberais e dura represión)
Grecia (1829) independencia do imperio turco e constitución dun goberno liberal

Segunda ondada revolucionaria na década de 1830 —> liberalismo moderado

Francia (1830) derrocamento dos Borbóns e establecemento dunha monarquía liberal (Luís Filipe de Orleáns)

Estados italianos e alemáns, España, Polonia e Bélxica (independencia)

Consecuencia —> desaparición dos réximes absolutistas impoñéndose gobernos liberais moderados
(sufraxio censitario, liberdades limitadas e predominio social da alta burguesía)

Terceira ondada (1848) > liberalismo democrático e movementos nacionalistas contra os grandes imperios

Francia - caída da monarquía liberal-conservadora e proclamación da República

volta ao goberno liberal moderado e primeiro enfrontamento

entre a burguesía e o novo proletariado xurdido da rv. industrial

Estados italianos, Imperio austríaco e Prusia (promulgación de Constitución liberais)

Impulso dos nacionalismos na Europa central e oriental contra o imperio austríaco e turco
ou co desexo de formar un único Estado-nación (Alemaña e Italia)

Italia —> liderada por Mazzini e pola monarquía liberal do Piemonte (Víctor Manuel II de Savoia)

Alemaña —> liderada por Prusia e dirixida por Otto von Bismark e Guillerme I

cunha concepción conservadora da nación e unha estratexia autoritaria e militarista.

A maioría dos movementos revolucionarios foron sofocados (imperio austríaco, Prusia)

Francia —> represión e apoio da burguesía ao goberno autoritario de Luís Napoleón Bonaparte
proclamación do Segundo Imperio (1851) e consolidación do modelo de liberalismo moderado